



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACIÓN DE EXPLOTACION DE CAFETERÍA DE EDIFICIO NAUTICO DE TUI.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 10,15 horas do día 2 de xullo 2013, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, o secretario acctal. do concello D. José Angel Fernández Rodríguez, o concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez, o concelleiro de deportes D. Nicolás Lorenzo Montes, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria Dª María Jesús Blanco Martínez. Non asiste D. José María Melero González, técnico municipal.

- Publícase edicto no Boletín Oficial da Provincia nº 113 de 13 de xuño 2013 e no Perfil do Contratante da páxina web do concello (www.concellotui.org) na mesma data, de licitación de contrato de explotación de cafetería do edificio náutico de Tui, rematando o prazo de presentación de propostas o 29 de xuño de 2013.

- Se presentan as seguintes propostas:

1.- R.E. nº 5692 de 28/06/2013.- D. Camilo Gómez Urgal, con enderezo en Paianes-San Bartolomé, nº 52, cp 36700 Tui.

2.- R.E. nº 5697 de 29/06/2013.- Bouzada Rodríguez, S.L., con enderezo en Polígono Industrial A Granxa, parcela 256, cp 36745 O Porriño.

3.- R.E. nº 5698 de 29/06/2013.- D. Manuel Garrido Barbosa, con enderezo en Avda. Concordia, nº 8-2ª, 36700 Tui.

- Pola Mesa se procede á apertura da documentación administrativa, sobre A, das empresas presentadas á licitación. A Mesa, á vista dos documentos presentados, acorda, por unanimidade, o seguinte:

Requirir aos seguintes licitadores a subsanación dos seguintes aspectos da documentación administrativa, de conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado:

1º.- Requirir a D. Manuel Barbosa Garrido a acreditación de :

- Solvencia económica e financeira.- Declaracións de, a lo menos, dúas entidades financeiras expresivas da solvencia económica e financeira da empresa.

2º.- Requirir a Dª María Montserrat Bouzada González a acreditación de:

1.- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, poder bastante ao efecto a favor das persoas que comparezan ou asinen proposicións en nome de outro. Se o licitador fose persoa xurídica este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil.

2.- Cando o licitador sexa unha persoa xurídica, escritura de constitución ou modificación debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, ou Rexistro Oficial correspondente

3.- Solvencia económica e financeira. - Declaracións de, a lo menos, dúas entidades financeiras expresivas da solvencia económica e financeira da empresa.

3º.- Requirir a D. Camilo Gómez Urgal a acreditación de:

1.- Solvencia económica e financeira.

a) Declaracións de, a lo menos, dúas entidades financeiras expresivas da solvencia económica e financeira da empresa.

b) Declaración do licitador sobre o volume de negocios non ámbito da actividade correspondente ó obxecto do contrato, referida ós tres últimos anos.

2.- Solvencia técnica: Acreditarase coa relación dos principais servizos ou traballos realizados nos derradeiros tres anos cun obxecto similar ao que se licita (explotación de cafeterías ou establecementos asimilados), que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado dos mesmos, debendo acreditar cando menos unha experiencia de dous anos en ditas actividades para ser admitido na licitación. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector

público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado ou o propio licitador, mediante os correspondentes contratos de traballo e certificación da Seguridade Social da vida laboral cando se trate de empregados deste tipo de establecementos, ou ben acreditación documental da alta no Imposto de Actividades Económicas durante os dous anos precedentes, alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos durante o mesmo prazo no caso de ser procedente, cando se trate de empresarios ou profesionais.

O prazo de presentación da documentación requirida será de un máximo de 3 días hábiles dende a súa notificación, de conformidade co prego de cláusulas administrativas aprobado.

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

O SECRETARIO ACCTAL.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: José Angel Fernández Rodríguez.

O CONCELEIRO DE DEPORTES

O CONCELEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

Asdo. Nicolás Lorenzo Montes.

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez